



Concello da Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN OU AUTOPROMOCIÓN DE VIVENDA

O mércores día 19 de agosto de 2026 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre as axudas para a adquisición ou autopromoción de vivendas en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

PERSOAS BENEFICIARIAS as persoas físicas maiores de idade que reúnan os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza ou parentesco determinado pola normativa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán contar con autorización de estancia ou residencia en España.
- Ter menores de 36 anos no momento de solicitar a axuda ou de subscrición do contrato privado ou da formalización da escritura pública de compravenda.
- Que os ingresos anuais das persoas que compoñan a unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a 4,5 veces o IPREM. Este límite será de 5 veces o IPREM se na unidade de convivencia existen persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% e de 5,5 veces o IPREM, se na unidade de convivencia existen persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.
- Que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español. Para estes efectos quedarán excluídos: se o dereito recae sobre unha parte alícuota e foi obtido por herdanza ou transmisión mortis causa sen testamento, acrediten non ter a súa dispoñibilidade por causa de separación ou divorcio, non poidan habitala por calquera outra causa allea á súa á súa vontade ou que resulte inaccesible por razón de discapacidade.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- A vivenda adquirida ou autopromocionada ten que estar localizada nun municipio de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.
- A vivenda ten que ser adquirida ou autopromocionada por un máximo de dúas persoas físicas.
- O prezo de adquisición da vivenda ou custo de autopromoción igual ou inferior a 250.000,00 euros. Non se entenderá incluído o importe do valor do solo.

CONTÍA DA AXUDA

O importe da subvención será do **20 % do prezo de adquisición ou custe da autopromoción da vivenda, cun máximo de 15.000,00 euros por vivenda.**

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do **día 27 de agosto de 2026 ás 09:00 horas e rematará o día 16 de novembro de 2026. As solicitudes de axuda resolveranse por orde de presentación.**

Para calquera información contactar co persoal administrativo do Concello da Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Na Ribeira de Piquín, 7 de xaneiro de 2026.

Asdo.- Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

